

O FEITO LIGÜÍSTICO GALEGO.

Públicacións inéditas (1890-1953) traidas á luz, nunha publicación do 2001 realizada pola ASPG

De total-as cousas que un pobo pode chegar a crear, impóndolles por iso mesmo a impronta inconfundíbel do seu xenio, é a lingua, o idioma, a de mais outa categoría, a de meirande valor, a reveladora de un inaprezábel poder vital, de unha insuperábel forza de creación que dona xerarquía e impón xeral aprezo. E sendo isto e así ¿cómo un pobo que s'estime n-algo, cómo un pobo que teña nada mais que aquel mínimo de natural aprezo e preferenza ás cousas propias, inda as mais cativéis e correntes, vai faguer escepción do idioma, cando o idioma constituíe, debe constituír o seu meirande orgullo e o eisponente mais composito da súa valía e da súa importancia? Non. Somentes un pobo asoballado pol-a tara da anormalidade pode ter pra o idioma qu'él soupo crear desprezo e, cando non, esquecemento, qu 'en resumen de contas desprezo é, igualmente. Un pobo normal, conscente do qu 'é, satisfeito de ser e arelante de ser cada vegada mais él, e soío él, labourará, con laboura tenaz e continua, pol-a nobre e inmorredoir cobiza de se perpetuar, evitando decote todo canto se opoña a isto.

Sendo, como é, a cultura, asegún unha belida frase de Guyau «a síntesis de total-as difrenzacións civilizadoras reselladas coá marca da orixinalidade racial nada no seo dos difrentes idiomas que colaboran na solidariedade universal do pensamento», calquer pobo que poseendo unha lingua propia, froito da súa forza creadora e do seu poder difrenzador, deixa de utilizala, vountariamente se inutiliza e inhabilita como factor de cultura, como elemento colaborador e produtor de progreso. E se inutiliza estúpidamente, parvamente, sen proveito pra ninguén e con perxuro pra todos, pra trocárese n-un anaco fallo d 'espiritualidade, n-unha cárraga inútil que marchará decote a remolque dos pobos progresivos, cobizosos de manter viva a súa persoalidade, sendo por eles considerado como algo desprezábel e indigno, como se considera a todo aquel que podendo ser unha persoa vountariamente renegou de tal condición pra se trocare n-unha cousa, n-un monicreque có que todos poden xogar ao seu antoxo e cometer os meirandes despropósitos.

Pro aínda hai mais. Refreisionando encol da frase transcripta de Guyau, ben se decata un de que, sendo como é a cultura síntesis, combinación, suprema mistura das difrenzacións civilizadoras que teñen o seu punto de arrinque no feito da eisistencia de almas nazonais diversas, cuia realidade se afinca no cultivo das linguas, que son a materialización dos espíritos nazonais que n 'elas se refreixan e viven como apreixoados, ao matar unha lingua calquera, qu 'é o que se fai ao deixar de cultivala, indirectamente se laboura pra restar elementos a unha obra de máisima colaboración, de aportacións múltiples e variadas que por igual intresan a toda a Humanidade.

Un pobo que ten un idioma, ao cultívalo, non fai mais que fortécere se espiritualmente, ategar d 'enerxía a súa persoalidade, manter ergueito con esteos incommovíbeis o balado que, circunvalidándoo, o pórá decote a cuberto de cantos tencionamentos de absorción, de asimilación que contra d 'él puideran se tencionaren por outro pobos mais fortes ou situados pol-a forza das circunstancias en ventaxosas condicións absorvedoras. Un pobo poseedor do tesouro inaprezábel de unha lingua, pol-o feito natural do seu cultivo, sempre manterá vivo o seu decatárese dé qu 'é, de qu 'eisiste. E iste decatárese lle obrigará a por n-actividade total-as súas modalidades difrenzadoras e a manter aceso o seu degoiro de vivir e de ser como o qu 'é , sen tolerare confusións, sen permitir trabucacións, sentindo e así a suprema satisfacción de saber que ao progreso e á cultura universaes, magno resultado realizado coas aportacións de todol-os pobos que teñen ceibe o seu espírito - e o espírito sabido é que ten a súa plasmación material na lingua - contribuíe él tamén con unha aportación eisclusiva, froito da súa capacidade, da súa enerxía creadora, sendo, pol-o mesmo, elemento destacado, valor ben acretado do adianto e do milloramento da Humanidade.


O feito de que un pobo que ten un idioma de seu, creación eisclusivamente sua, o cultive có meirande intrés, faguendo do seu uso algo obrigado e imprescindíbel, dona ao pobo en custión, ao pobo en que tal sucede, unha unidade rexa, increbábel, que resistirá doadamente a total-as acometidas de anulación e de absorción que, contra d 'él, poidan enderezárense dende o eisterior por pobos alleos, movidos por un criminal afán imperialista ou colonizador. E sucederá que os naturaes de tal pobo, pol-o feito de se sentiren avencellados pol-o feito capital da lingua, sen esforzó algún vivirán decatados de que son membros de unha magna familia á que, vountariamente e sen forzárense, rendirán todol-os seus afans e os seus traballos pra qu 'ela destaque e abranga aquel grado de adianto que terá de seré lexítimo motivo de orgulo pra todol-os seus componentes. Ela, a lingua, é o supremo aglutinante que cohesiona e axunta en broque resistente, capaz de soportar as mais duras probas, a todol-os que a utilizan, dándolles a concenza de que son partes integradoras de un gran conxunto que debe manterse e subsistiré por encol de todo, pra donare aqueles froitos específicos, singulares que un pobo con persoalidade relevante, persoalidade incompatíbel con tutorías e vasallaxes sempre envilecedores e magoantes, eispontaneamente aporta á obra común do progreso universal, faguéndose notare como elemento destacado. Como elemento qu 'en todo intre será acreedor ao fondo respecto e á ben ganada consideiración dos demais pobos. E sendo eisí, poderá pesar decote na direición dos destinos humanos. E será tido como elemento de valer que por ningunha circunstanza deixará de seré recoñecido e tido en conta, có que terá abranguido aquel caudal de consideracións e ventaxas que soio os pobos ceibes, os pobos señores abranguen e disfroutan.

«O idioma é a capitalización simbólica do traballo espirital de un pobo», dixo con frase aguda e acertada Scháffe. E n-efecto: un pobo a forza de se cultivare, de por n-actividade total-as fontes d 'enerxías que posee, de obrigar a que todol-os focos vitaes que eisistan dentro d 'él produzan o máior rendimento posíbel, vai paseniño orixinando a creación de unha riqueza espirital, de un tesouro inaprezábel cuia eispresión derradeira ou mais outa, cuia manifestación mais refinada ou quintaesenciada é o idioma. O idioma, que sen os denantecedentes aludidos ou lixeiramente indicados ficaría reducido á tristeira condición de feito pasaxeiro que un día s 'esmorecería, asíñalando tal esmorecemento a desaparición de un pobo.

Todo isto qu 'eiquéi decimos o di de un xeito delicado, macio, o gran poeta catalán Joan Maragall, falando do que o poeta, o poeta por antonomasia é, e do que a sua laboura ten de trascendente e benficioza. As verbas do gran mestre catalán son istas: «Non pensedes que un poeta sexa nada mais que un home que fai versos; sinón que é un home que atopa a sua lingua tan fermosa que non sabe falala que non-a cante; e con isto fai decatarse ao resto da xente da sua fermosura de xeito que todos escomezan a estimala e a tomalle gusto falándoa; e cada cal está contento de que aquila lingua lle sexa propia, e se sinte irman dos que naturalmente a falan, mais que dos outros homes. Porque aínda que irmans o son todos, hai unha fraternidade mais forte antre aqueles que, cando falan naturalmente, falan igual.

«Isto é o que fai aos diferentes pobos da térra, e canto mais un pobo estima a sua lingua propia, meirande é antre os outros e mais cousas groriosas fai, porque é mais íl mesmo. E n-iste mundo a maior grandeza e a maior forza áchase en seré cada cal choidamente o qu 'é».

Decía Renán, o celta Renán, que «a eisistencia de unha nazón é un plebiscito de todol-os días». E n-efecto; eisí sucede. Mais pra que tal plebiscito sexa, pra que tal plebiscito se realice perciso é contar có instrumento que teña de realizalo. E iste instrumento, xuntamente conxugado con outros instrumentos mais inferiores dende o punto de vista afirmativo da nazonalidade; ise instrumento, actuando



conxuntamente có infruxo de outros instrumentos reveladores da persoalidade nazional taes como a terra, a comunidade dos costumes, etc., non pode sere outro que o idioma propio, a llingua orixinal, a llingua froito supremo da capacidade creadora do pobo que lle deu vida, e da que pode decirse qu' 'é, có seu emprego cotián, a realización do inconfundíbel plebiscito con que un pobo, unha nazionalidade manifesta, sen solución de continuidade, a súa vountade de sere, a súa vountade de permanescere e de faguerse presente e manifestó decote.

A llingua de un pobo, o instrumento d' eispresión que un pobo calquera coa súa forza creadora fai xurdire eispontaneamente pra eisí millor manifestare a eisistencia do seu ser inconfundíbel, pleno, ateigado de vitalidade e acugulado de puxanza, é algo tan íntimo, tan de ise pobo, tan esencial e insustituíbel que, sen él, o pobo en custión s' esmorece, perde os seus contornos, esvae a súa persoalidade e finda por trocarse, de algo orixinal qu' era, n-algo dado á desaparición, fallo de releve e susceptíbel pol-o mesmo de perda total, privando eisí á Humanidade de un factor indiscutíbel de progreso e adianto. Falando a súa llingua un pobo é, queiran ou non os factores intresados en eliminalo. E ao seré obrará como tal pobo. E ao obrar eisí axuntará sen dúbida algunha as creacións orixinarias do seu esforzó as dos pobos todos. E con iso o acervo común da cultura universal sairá ganando, porque canto meirande sexa o número de aportacións orixinaes que se ofrezan, meirande será o gran conxunto abranguido: o progreso universal.

Ademirábeis e ateigadas de xusteza nos semellan aquelas verbas, que o gran patriota catalán Valentín Almirall escribía en 1846 referíndose ao seu pobo, e que din eisí: «O signo do escravo era que iste tivese que falar a llingua do amo, e nós estamos marcados con iste estigma. A nosa llingua endexamais foi llingua morta, pois anque perante longo tempo a haxan esquecido os sabios e os literatos, a conservou viva o pobo, que a falou decote. E a pesar de isto temos d' empregare outra en todo o qu' é oficial. Se nos manda, se nos xuzga e se nos adprende na llingua dos vencedores. Até cando a autoridade, o xuez ou o escolante son naturaes d' eiquí, non poden exercer en súa funcións sinón faguendo uso do castelan. A imposición do linguaxe é unha constante lembranza da nosa suxeición. E a que marca mais duramente a distancia que media antre os que mandan e os que obedecen. A llingua é o distintivo dos que se coidan de raza superior: á inferior lle non toca mais remedio que baixal-a testa e lamber, ademáis, a man que se digna apouvigalo». Transcriptas istas verbas non compre nen o mais cativoiro comentario. Elas son de abondo elocoentes i-elas din de abondo pra que sexa mester lles engadire ren. Ademáis, elas constituíen un novo e valioso alegato a prol da importancia que o idioma de cada pobo ten.

Un pobo pode perder a súa liberdade, pode caer na escravitude material, pode vir a ficar reducido á tristeira condición de sometido a outros pobos. Pode unha nazionalidade ter que soportare todo iso e aínda moito mais. Pro si isa nazionalidade soupo manter acesa a chama da súa espiritualidade, cousa que soio é abranguíbel cando o idioma orixinal sigue cultivándose a despeito d' esforzos e persecucións, ise pobo, de aquela vivirá apto decote pra ceibarse de total-as opresións e permanecerá n-axexo de aquel intre axeitado, que non pode fallar endexamais, e que tan axiña como se presente será aproveitado pra ire en dereitura ao recobro pleno da súa posesión integral. E con ise recobro ao novo erguemento, á feliz realización do degoiro capital, a magna obriga que os pobos

como as individualidades sinten de seré eles mesmos o que son: por eisistentes, por realmente eisistentes, orixinaes e difrentes.

Tanto nos individuos como nas colectividades chamadas pobos, das que o individuo é o elemento básico e fundamental, o pirmeiro degoiro, a meirande arela é a da liberdade. Perciso é ter en conta que a especulación precede decote á acción, e que ista xurde e se tira de aquela. E sendo eisí ben se olla que sen terse chegado á emancipación espiritual non será posibel chegare a libeiración material, xa que ísta, sen o denantedente obrigado de aquela sería algo morto, algo cativeiro, sen valor apenas. Ou, pra decilo n-outros termos, algo eisí como un corpo sen alma. E un corpo sen alma, un corpo sen a quentura e a vitalidade, sen a capacidade de auto-rexirse que lle dona o elemento psíquico sería un instrumento axeitado pra o libre xogo que con él quixeran fagueren todol-os factores ou elementos eistranos. Agora ben: como a i-alma dos pobos é a sua língua, os pobos que poseendo iste instrumento orixinal d 'eispresión, no que se plasma e materializa, por eisí decilo, a sua i-alma, o seu esprito, o deixen perderen, cometendo grave pecado contra natura, lindarán por se trocaren n-escravos vountarios de outros pobos, faguéndose incapaces pra toda obra superior e vindo a se convertiren, pol-o mesmo, en xoguetes d 'eles.

De iste valor e importancia do idioma propio, da língua que un país posee como algo eisclusivo e de outísimo valor que non supera ren, donan idea istas verbas do gran novelista portugués Ega de Queiroz, cuia sona ultrapasou as fronteiras de todol-os pobos civilizados, e que din eisí: «Un home só debe falar, con impecábel seguranza e pureza a língua da sua terra: total-as outras as debe falar mal, orgullosamente mal, con aquel acento chato e falso que denuncia logo ao eistranxeiro. Na língua verdadeiramente reside a nazonalidade; e quen fora poseendo con crescente perfeición os idiomas da Europa, vai gradualmente sufrindo unha desnazonalización».

Falar o idioma propio, decía en certa ocasión o meu inesquecente mestre, e irmán dobremente pol-o sangue e pol-a sagra idea, Antón Villar Ponte, siñifica pensar un por si mesmo. O qu 'é tanto como decir que o que prescinde da sua língua non pensa con orixinalidade, ou mais ben, que soio pensa o que os alleos lle obrigan a pensare. I-eisí, ao proceder eisí deixa un de sentirse a si mesmo. E ao deixar de sentirse un a si mesmo e de pensar por conta propia por foza terá de fitare a realidade deformada, asegún lla deixe ollar o instrumento alleo d'eispresión. E de ise xeito irá percorrendo os vieiros da sua eisistencia por rutas trabucadas, de tumbo en tumbo, como nao á deriva, asola-gándose en falsas interpretacións da realidade que paseniño findarán por esmorecer i-esnaquizar compretamente as suas lexítimas volicións, os que deberán seren degoiros lexítimos da sua yalma, qu 'eisí se fará incapaz xa pra querer, e por incapaz de querer incapaz xa pra obrare.

De acordo con certas verbas lumiosas do gran patriota catalán Valentín de Almirall, nos ollamos tamén na língua o signo, a marca dos que se coidan de raza superior e, asemade, o recordo que asiñala mais duramente a distancia que media antre os que mandan e os que obedecen. E isto que di Almirall e que nós estimamos exacto, e qu 'é o que pensan cantos do caso das línguas dende o punto de vista político i-espiritual se teñen ocupado, é o que determina que os galegos, ao prescindire da sua língua natural pra usare en troques a allea, impricitamente fan manifestación de inferioridade. E ao faguela recoñecen que os abusos, as inxerencias e todol-os asoballamentos e demasías que de fora lles cheguen, impostas por outro pobo son merescidas. E aínda tanto como merescidas, necesarias por provenir de un pobo superior que, como tal, se acha no dereito de levar e impór aos inferiores todo o que teña a ben levarlles e impórilles.

A importancia da língua na recreación de un pobo calquera posto en trance d 'esmorecerse ou de amergullarse en definitiva na vasta morea que forma todo o que foi pro que xa non é, todo o qu 'en suma deixou de sere realidade actual pra se trocare en historia, e historia sen posibilidades de vitalización, se acha ben manifesta na revolución relixiosa que Lutero levou a cabo na Alemania nos anos do século XVI. Convencido o reformador de que todo o que se fixese por chegare a alma do seu pobo sería inútil e valdeiro si como instrumento d 'eispresión axeitado pr'á obra proselitista se non empre-gaba o alemán, puxo todo o seu empeño, en oposición aos propósitos dos escritores oficiaes que pugnaban pol-a utilización nas propagandas da língua latina e literaria, en que a língua vernácula fose utilizada preferentemente, casi n-eisclusivo, decatándose de que soio eisí se chegaría doadamente á yalma do pobo, e soio eisí, pol-o mesmo, as predicacións abranguerían no corazón dos seus compatriotas aquel afincamento indispensábel sen o cal o froito das predicacións s 'esmorecería e os propósitos reformadores ficarían, pol-o mesmo, reducidos ao fracaso preno. De acordo con isto, como di Hans Koch, «O espello empañado pol-a poeira do latín escolar i-

eclesiástico, foi ergueito de novo diante da nazon por Martín Lutero». E de iste xeito o reformador déuse de cheo á tarefa de faguer que os seus compatriotas adeprendesen a escribiren e léren ben o alemán, xa que soio por ise procedemento os textos propugnadores i-espalladores da doutrina reformadora chegarían a eles cal compría pra o éisito com-preto, adiquirindo aquel afinamento nos corazóns e aquela raígame, froito da comprensión, nas intelixenzas, que terían de faguer estabel, por asimilada e dixerida, á nova doutrina. Sendo conseqüenza de todo isto, que Lutero faguía indispensábel pr'á sua obra reformadora, o feito de ter él ordeado en 1534 a imprentación da sua Biblia en língua alemana, choutando eisí por riba de certa disposición que prohibía que o Libro sagro fose traducido. E ista tarefa tivo de sere compretada mais tarde, pol-o mesmo Lutero e os seus seguidores, có emprego da língua alemana en todo o que, como as cantigas relixiosas, de algún xeito faguía relación ao culto. Con taes medidas, rigurosamente levadas a cabo, a língua vernacular da Alemania foi fleisibilizándose, póndose en condicións de seré instrumento axeitado pra que con él s'eisteriorizase aquilo que Ortega Gasset chamou «a fluencia fuxitiva da vida interior», e se convertin-do, paseniño, no meio indispensábel e imprescindibel d'eisteriorización do pensamento do pobo alemán.

Lutero quixo, denantes que nada, faguer que a sua doutrina reformadora chegase ao corazón do seu pobo, porque sabía que soio afinándose ista no corazón permanecería firme e arraigaría. E ao quere-lo decatouse de que iso soio sería posíbel falándolle na mesma língua que o pobo abranguera a creare por virtude da sua forza creadora, naturalmente irradiada da sua persoalidade orixinal e inconfundíbel. Sendo por isto pol-o que o reformador decidiu resoltamente a utilización da língua alemana, da língua vulgar que todos comprendían e a todos chegaba, nos textos de propaganda das suas doutrinas e nos textos sagros, en troques da utilización do latín que tan pouco ou ren decía aos que o coñecían. De tal xeito levou a cabo Lutero a sua obra, obra que respondendo n-un escomezo somentes a unha finalidade de proselitismo relixioso rematou, a causa da utilización da língua, por seré unha obra de independización espiritual, independización abranguida pol-a restauración ou, cicais millor, pol-a creación literaria da língua alemana que na Reforma tivo o seu punto de arrinque.

Dígase o que se queira, soio os pobos que teñen un idioma de seu son verdadeiramente orixinaes. E son verdadeiramente orixinaes porque o idioma é denantes que nada eispresión viva, revelación manifesta, acesa eisteriorización de to-do un complexo mesolóxico acochado n-unha continuidade xeográfica, de cuio complexo o idioma é como o sangue, como líquido vital cuio fluir constante permite e orixina a eisistenza de un ser espiritual que mantén en pe, apto pr'á aición e pra vivir o seu vivir prenamente, o ser real que a continuidade xeográfica é sen dúbida ningunha. Pro supoñamos que falta o idioma, i-estonces s' esmorece a orixinalidade: aquel feito real, aquela materialidade que a continuidade xeográfica repersentaba, e qu' era orixinal porque tiña algo seu, eiscepcionalmente seu, que a difrenzaba e a faguía única e inconfundíbel, ou sexa o idioma, ao s' esmoreceré iste s' esmorece asemade. E xa eisí, perdida a característica que mais rexamente difrenza e impide as confusións, ausente o motivo creador de todol-os rasgos verdadeiramente orixinaes que forman o mais saínte e difrenzador de unha persoalidade calquera, sexa a que sexa, e pol-o mesmo da persoalidade nazonal; isto é, perdido o idioma, o pobo asoballado pol-a terríbel mágoa, fallo da alma, da espiritualidade que soio có libre desenrolo da língua orixinal se manifesta e vive, ollase incapacitado pra toda cras de volicións, que da persoalidade psíquica arrincan decote, e fitará como por falla de un querer, de un sentir e de un pensar propios prevalescerán encol d'él os do pirmeiro pobo alleo que teña anceios de imposición imperialista, e que pr'á realización dos seus propósitos atopará doado o camino e acháidos todol-os impedimentos que puideran dificultalo.

O pobo onde tal suceda enmudecerá de súpeto. Unha voz allea suprantará a propia. E xa n-istas condicións o pobo esquecido do seu verbo irá paseniño esquecendo a sua condición de pobo difrente e como tal eisistente - asegún reza a afirmación cartesiana - e irá pol-o mesmo amergullándose cada vegada mais na moura situación de pobo encadeado e vountariamente escravo, que sofre sen laiarse, có silencio vil que dona o autorecoñecimento da inferioridade, total-as mágoas e todol-os aldraxes que o amo e señor teña a ben impórllle. N-unha verba, o pobo dotado de língua orixinal, ao faguer renuncia d'ela, se ofresce vountariamente amarrado pra que o pobo poseedor da língua que se impon faiga d'él o que lle pete. E non soio isto, sinón que ademáis, coa sua renuncia recrama imperiosamente n-un alarde de masoquismo colectivo qu' é de verdade abraiante, o trato d'escravo, e d'escravo sen condicións, como o único que se lle axeita e có único que se lle fai levandeira a eisistenza.

En verbas craras e terminantes Lois Kossuth, o esgrevio defensor da independencia da Hungría, decía no seu tempo: «A lingua é un tesouro mais prezado que as liberdades e as constitucións dos pobos, porque as constitucións se poden restabreceren, as liberdades poden gañarse, e non o idioma, que é a mesma nacionalidade». E n-efecto, así é. Vivindo a lingua, sendo real i-efectivo o seu cultivo, a nacionalidade latina, alenta, se acha en pe n-axexo do intre axeitado pra se faguer valere, abrangendo o recbro preno do que circunstanzalmente lle tivese sido arrebatado. Antramentres que si a lingua se deixa perdere, con ela a nacionalidade ficará esvaída. E por moito que se faiga pra reavívala, ela non rexurdirá, sinón que a súa inexistenza se fará cada vegada mais indubidabel e a Humanidade rexistrará unha perda irreparable - a de un factor orixinal de cultura - pra que non haberá nunca a posibilidade de unha compensación axeitada.

Co idioma en preno cultivo os individuos integradores de unha nacionalidade asoballada e privada de liberdade sinten de un xeito vivo a súa condición de cidadáns pertencentes a un pobo difrenzado, a un pobo orixinal, encol do que latina, pol-o mesmo, o imperativo extrahumán de manterse como é, non tolerando ren que contribuía a rebaixarlle as súas características que tan o caracterizan e definen. E o idioma, en tales condicións, é a solemne afirmación, exteriorizada en cada intre, da existencia de un pobo que ten a obriga inescusábel de sere o que é, sen concesións desvirtuadoras e re-baixadoras, e amostrándose, pol-a contra, cada vegada mais seu, mais de si mesmo; e por mais seu e mais de si mesmo mais tamén da Humanidade, xa que có cultivo da súa personalidade difrenzada ven a rendirlle a aquela o seu esforzo creador, a proporcionarlle unha aportación orixinal que de outro xeito non existiría.

Cando un pobo que ten unha lingua de seu, que por imposicións alleas foi abandoando por outra estrana, laboura rexamente por voltar ao uso íntegro i-efectivo d 'ela, ao seu cultivo preno qu'endexamais debeu de abandoare, aquel pobo fai obra meritoria, verdadeira obra meritoria. E non soio dende o punto de vista do seu intrínseco particular, sinón ademais dende o punto de vista universal, xa que procedendo así laboura, con esforzo preno d 'eficacia, pra que a Humanidade se arrede cada vegada mais de aquela gran catástrofe que pra vida espiritual d 'ela suporía o que paseniño se fosen perdendo total-as linguas orixinaes e que, pol-o mesmo, fose tomando corpo a gran disgraza de que no mundo fose unha soia a lingua falada e cultivada. A tiranía que de aquela xurdiría sería algo insoportábel e superior a total-as tiranías. Pois si se ten en conta que soio na lingua propia chega o pensamento a atopar a súa natural expresión, a súa expresión lexítima i-espida de toda cras de forraduras, resultaría que pol-o feito de subsistir unha soia lingua imposta, a que falase o pobo que abranguese tal monstruosidade, se tería chegado ao caso abraiante de unha tiranía exercida sobre o pensamento universal, xa que sendo a lingua a expresión lexítima do pensamento e non habendo mais linguas que unha, o emprego forzado de ista lingua obrigaría a que todol-os pensamentos especificamente diversos dos diversos pobos i-especificamente dotados de instrumentos axcitados d 'expressión propia, se traducirán n-un órgano alleo que, os deformando, remataría por anulalos, dando efectividade prena ao exercizo funesto da tiranía do pensamento, da tiranía exercida encol das almas, privadas do inalienábel dereito de seren pol-o feito mesmo da privación de s 'expresaren.

DOCTRINA NACIONALISTA, 1921.

I.- CONCEPTOS XERAIS

Que se entende por nacionalismo?

Nacionalismo é unha doutrina ou, mellor aínda, un corpo de doutrinas que fan referencia ao restabelecemento de todos os dereitos e prerrogativas que a un pobo libre e soberano de si mesmo lle corresponden, así como tamén ao desenvolvemento de todas as manifestacións da súa vitalidade e ao desenvolvemento de todas as súas actividades.

Noutros termos: o nacionalismo é o berro que un pobo que se sente capacitado para gobernarse a si mesmo, sen tutorías alleas, ceiba, co fin de que o Estado que lle vén servindo de tutor e sen guía o recoñeza como maior de idade e, por tanto, en disposición de rexerse a si mesmo.

En que sentido se emprega aquí a palabra "pobo"?

Esta palabra emprégase, non como expresión dunha xuntanza máis ou menos grande de familias que, pola circunstancia de viviren dentro da mesma demarcación, teñen comunidade de pequenos intereses localistas, de cuxa defensa e conservación se acha encargado o que poderíamos chamar supremo poder harmónico, enxebre persoeiro da primeira manifestación colectiva dos pobos, ou sexa o Municipio; senón como expresión dun conxunto máis ou menos numeroso de xentes que, aínda que arredadas unhas doutras por viviren en diferentes localidades e tendo, polo mesmo, diferenzas de intereses localistas, se achan, emporiso, fortemente ligadas polos rexos vínculos da raza, os costumes, a lingua, os caracteres mesolóxicos, o dereito etc. etc. Noutros termos, a palabra "pobo" vén sendo empregada no sentido representativo de "nacionalidade".

Que é, pois, a nacionalidade?

A "nacionalidade" é unha sociedade de xentes que, por viviren e naceren dentro dun territorio que ofrece homoxeneidade, isto é, unidade de caracteres xeográficos e mesolóxicos (unidade de clima, de produción, de ambiente etc.) se achan tamén unificadas pola lingua que empregan, o que determina un espírito unificado que fai que a nacionalidade sexa a xeito dunha alma colectiva, e que como tal alma teña as facultades propias de querer, sentir e pensar. A "nacionalidade" é unha personalidade colectiva perfectamente diferenciábel das outras personalidades da mesma índole, e, máis que por nada, principalmente, por ter un espírito, unha alma súa, soamente súa que, ao desenvolverse, dá marxe a unha cultura propia, que é o que fai que a nacionalidade se defina tamén como unha unidade de cultura.

En termos máis sinxelos, podería dicirse que a "nacionalidade" - nacionalidade que é o mesmo que nación- é un anaco territorial, máis ou menos grande, dentro do que existe unidade case perfecta, o mesmo no que fai referencia á terra - accidentes xeográficos, producións, etc.- que no que é produto indirecto dela e por ela é conformado e moldeado, isto é, o home con todas as súas características e con todas as súas creacións.

Primitivamente a palabra "nación" empregábase no sentido de lugar onde nacía un. Empregárona así os romanos; así se ve empregada máis tarde polos clásicos da literatura castelá. Ao

facelo deste xeito obraban respondendo á etimoloxía do termo, que vén do verbo latino nascor, nascere: nacer.

A nación, considerada en abstracto, é algo permanente, fixo e estático, que non responde na súa estrutura e conformación a creacións humanas senón que vén a ser o reflexo dunha vontade superhumana e, polo mesmo, que se acha por cima dos desexos e determinacións dos homes. Así temos o caso de nacionalidades esnaquizadas polas cobizas imperialistas doutras máis poderosas e que, ao cabo de certo tempo, cando xa se podería xulgar que desaparecerán definitivamente, volveron xurdir tan unidas e compactas como denantes da súa conquista e reparto.

Derradeiramente, a nación ou a nacionalidade -para o caso é o mesmo- é a patria, da que non poden existir varias clases, posto que, ao igual que sucede na orde dos individuos coa nai ou co pai, é única. Expresado en termos vulgares, o concepto de patria pode representarse dicindo que é a rexión na que todas as súas características esenciais forman unha unidade de alto relevo, determinante por tal causa de fronteiras que ningún poder político é capaz de achaiar, o que fai que os nados dentro delas teñan unha personalidade inconfundíbel, e que a despeito de todas as absorcións e por riba de todos os asimilismos elas indiquen decote a existencia dun pobo con dereito á vida libre e independente. Todo territorio que se non ache nestas condicións, isto é, incluído na quela unidade de que falamos, de ningún xeito poderá ser a patria. Esta, por riba de todo, fai destacar o seu carácter de penanencia, de fixeza, de estabilidade inalterábel, de superación da vontade humana -decote fráxil e mudábel- como algo que só a ela lle pertence exclusivamente e, polo mesmo, que a caracteriza dun xeito fondo, facéndoa unha e única, incompatíbel, por iso, co establecemento - por moitos vivos e parvos pretendido - de categorías dentro do concepto indivisíbel de patria.

E o termo "Estado" que quere dicir?

Este termo representa unha creación totalmente humana. Así como acabamos de dicir que a nación se acha por riba dos designios humanos e que, polo mesmo, en moitos casos prevalece a despeito deles, aínda contra eles, podemos dicir do Estado que, só pola vontade humana, permanece e se impón, dependendo dela exclusivamente e sendo en absoluto froito directo do querer dos homes e, polo mesmo, variábel e modificábel ao seu antollo e decisión.

O Estado pode dicirse que é o mecanismo que rexe a vida toda dunha ou de varias nacionalidades axuntadas, ben pola imposición dunha máis forte que asoballa as demais, ou ben en virtude da mutua conveniencia das nacionalidades axuntadas, conveniencia que as levou a estableceren unha entidade superior a todas elas, que ten de regular, non só as súas relacións recíprocas, senón tamén as relacións do conxunto de nacionalidades, cuxa fórmula expresiva de xuntanza e de harmonía é o Estado, cos outros Estados alleos.

E non podería definirse doutro xeito o Estado?

Indubidabelmente. Pódese dicir que é un conxunto de organismos que se nutren reciprocamente uns doutros, e que, polo mesmo, se achan en relación continuada, formando un todo perfectamente articulado e flexíbel, segundo as circunstancias

O Estado é tamén o conxunto de organismos que, relacionándose entre si, rexen os pobos que se achan dentro del e determinan as vías por onde eles teñen de marchar.

O Estado presupon decote a existencia dunha nacionalidade?

Si, polo menos dunha. Porque como dicimos na pregunta penúltima pode darse o caso dun Estado que abrangan dentro de si varias nacionalidades, que é o que, cabalmente, sucede con España, o Estado a que pertencemos os galegos; así como tamén pode suceder que a un Estado corresponda unha soa nacionalidade. Tal é o caso de Portugal.

Como se explica aquilo de que as nacionalidades que convivan dentro dun Estado poidan acharse dentro del pola imposición ou ben pola mutua conveniencia delas?

Moi sinxelamente. A maioría dos Estados actuais, cuxa formación definitiva se remonta ao século XIX, teñen como motivo creador o afán imperialista dunha nacionalidade ou dunha raza, ou ás veces dunha cidade que, aproveitando da debilidade que circunstancias diversas puidesen ocasionar nas nacionalidades veciñas, botou sobre elas a súa forza material, asoballándoas e impóndolles o seu dominio tiránico, aínda que este dominio na maioría das veces vaia disfrazado coa letra de constitucións estatais, tapadeira que, polo regular, só serve para disimular mellor o asoballamento e a hexemonía da nacionalidade directora.

Noutros casos - estes son os menos - o Estado é constituído pola vontade ceibe e soberana de varias nacionalidades, que se serven daquela creación como vínculo de xuntanza para mellor poderen atender a súa conservación e defensa fronte as cobizas de nacionalidades fortes, ensoberbecidas e abufinadas polos insáns degoiros imperialistas.

Como xa dixemos denantes, hai tamén Estados que, dentro da súa armadura, non comprenden máis que unha soa nacionalidade, sen que isto queira dicir que, primitivamente, tal Estado non puidese comprender máis dunha nacionalidade. E máis que nacionalidades formadas, xermes de nacionalidades que, denantes de abrangueren o seu total desenvolvemento, ficaron absorbidas polas máis fortes e completas; pois moi fácilmente puido darse o caso de que nos seus comezos o Estado en cuestión compréndese varios pobos e, entre eles, un dotado de gran forza de absorción, forza que, axudada por unha gran diferenza de nivel cultural, puido determinar, ao cabo de tempo máis ou menos longo, a absorción de todos aqueles pobos polo superior que á volta da roda dos anos ou dos séculos veu rematar mostrándose non, como era primitivamente, senón como unha concreción das calidades e características dos pobos absorbidos mais as súas propias.

E non hai Estados que se non achan nos casos sinalados?

Si; estes son os Estados feitos por anacos de nacionalidades, os Estados creados polos intereses das grandes potencias - os máis artificiosos de todos -, os Estados cuxa creación non responde á forza imperialista nin ao poder de absorción nin á conveniencia mutua das nacionalidades integradoras, senón á razón da *sinrazón* das secretas conveniencias e combinacións

diplomáticas. Como exemplo deles pódese citar Bélxica. Tales Estados, como toda creación puramente artificiosa, adoecen de pouca firmeza e, na maioría dos casos, a súa vida áchase decote ameazada polas mesmas combinacións e esixencias diplomáticas que determinaron a súa formación. O que se explica, toda vez que non responde a ningunha realidade senón a necesidades do momento, efémeras e circunstanciáis.

Que é iso do imperialismo, citado denantes?

Pois o imperialismo é a tendencia dun Estado a facerse grande a costa doutros, ou por medio da expansión colonial, valéndose para iso, principalmente, da forza bruta. E o propósito dun Estado de cimentar a súa grandeza na expansión territorial, sen reparar para iso nos medios, por reprobábeis e inxustificadas que semellen. Podería dicirse tamén que imperialismo é a cobiza, condenábel decote, que un Estado sente de facerse grande e potente, non polo propio esforzo e como resultado do traballo ennobrecedor, senón valéndose do sacrificio e do asoballamento dos máis débiles, para sobre eles erguerse como amo único e dono absoluto.

Entón o imperialismo será cousa reprobábel?

Forzosamente ten que selo xa que se non afinca no dereito dos pobos a seguiren libremente a súa sorte, senón en todo o contrario, sendo os seus fundamentos capitais a opresión, o asoballamento, a tiranía nunha palabra, conceptos todos eles que levan en si a negación do inalienábel dereito que os pobos, como os individuos, teñen a rexérense e gobernárense a si mesmos. En resumo, o imperialismo vén a ser a imposición brutal da forza como expresión suprema de dereito e de xustiza.

II. NACIONALISMO, PACIFISMO E INTERNACIONALISMO

O nacionalismo é antiimperialista?

O nacionalismo non só é antiimperialista senón que é tamén a negación do imperialismo. Sendo, como é, na súa esencia, reintegración de cada pobo ás súas fronteiras naturais; aos lindeiros que forzas superiores á vontade humana marcaron con trazos indelébeis; mantemento da pureza da raza e da idiosincrasia dun país con todo o que a elas pertence, sen mesturas alleas e sen inxerencias estrañas, o que presupon un aproveitamento completo da soberanía sen máis mediatización, e sen máis controis que aqueles que naturalmente esixe a confraternidade universal, ten que ser forzosamente a negación rotunda do imperialismo que, descoñecendo todo isto ou pretendendo descoñecelo, non invoca máis razóns que as da forza ou as dunha mentida superioridade -sexa cultural, sexa económica, sexa política- para arrebatarse ás nacionalidades o sacro dereito que, como os individuos, teñen a dispor de si mesmas, sempre e cando esta disposición non ocasione o prexuízo e o dano para os demais.

E aínda cando do dereito inalienábel que os pobos teñen a dispor de si mesmos puidesen seguirse por mor dalgunha nacionalidade danos para as demais, non por iso a nacionalidade que os ocasionase podería ser privada do seu dereito; podería ser castigada, sometida a corrección, máis nunca privada daquilo que por lei natural e superhumana lle corresponde.

O nacionalismo é oposto á chamada política colonial?

Si. Por máis que para xustificar a tal política se invocan esixencias de civilización, desexos nobilísimos de levar o adianto e o progreso aos pobos atrasados e outras trócolas semellantes, tales argumentos non son máis que iso... trécolas. De non selo, ¿como se comprende que un Estado que acomete unha empresa civilizadora lle non dea remate cando os fíns perseguidos e que serviron de bandeira á empresa se achan cumpridos? Como podería explicarse, por outra parte, o caso de existiren nacionalidades que sigan ostentando a condición de colonias sendo que superan, ou polo menos igualan, ao Estado cuxa fachenda e cuxo orgullo gardan proporción co número de colonias que a súa soberbia pode mostrar aos demais Estados para que neles xurda a envexa e a admiración?

A política colonial, en contra do que digan os pseudo-amantes da civilización, foi, é e será decote política de opresión, de asoballamento, de tortura e de aniquilación de pobos.

Non hai posibilidade de conciliar a política colonialista e o nacionalismo?

De ningún xeito xa que a política colonialista consiste, por parte do Estado que a exerce, en privar outros pobos do seu autodomínio e do exercicio da súa vontade -corolario este daquel - para trocalo por un poder e unha vontade alleas, procedemento que, como xa máis atrás fica dito, é completamente oposto á esencia do ideal nacionalista, posto que este ideal se afinca no máis estrito respecto á vontade de cada pobo.

Logo o nacionalismo é ideal de liberdade?

Sen dúbida ningunha. Para o nacionalista esta é a primeira e a máis imperativa esixencia. Afincándose toda a súa doutrina no máis completo disfrute da liberdade e arrincando esta do individuo, feito por tal circunstancia soberano e señor de si mesmo, vai completarse na total liberdade da nación, que vén a ser como a definitiva concreción das respectivas liberdades dos individuos que a compoñen e que non son outra cousa que a xeito de células integradoras daquel grande organismo.

Tendo en conta o devandito pode dicirse que o mundo se acha moi afastado da realización do ideal nacionalista?

Desde logo que si. Para que se non achase sería preciso que os grandes imperios, que desgrazadamente aínda vemos hoxe ergueitos, desaparecesen para que no seu lugar xurdisen os

pobos ceibes, sen donos, entregados ao desenvolvemento das súas múltiples actividades, en pleno puxilato, nobre e lexítimo, do traballo, sen o temor ás brutais agresións que a insá cobiza imperialista fai hoxe temer, co que terían de desaparecer as innumerábeis cargas que impon a necesidade da defensa contra posíbeis agresións.

É pacifista, por conseguinte, tal ideal?

É pacifista porque, sendo unha das principais causas da guerra entre os Estados, ou quizáis a única, o desexo de alimentar o propio territorio a conta do territorio dos demais Estados, dando deste xeito satisfacción á arela pouco nobre de acrecentar o número de subditos para así poder non só contar con máis concurrentes ao pago de trabucos senón tamén con máis seareiros a quen colocar os produtos da industria propia e por ende máis carne de cañón para o caso dun conflito; e condenando o nacionalismo todo iso, e opóndose a todo iso, e querendo ollar só pobos ceibes dentro das súas fronteiras naturais, vivindo a súa vida natural en relacións da máis ampla fraternidade cos veciños, vén facer imposíbeis ou case imposíbeis as causas que até o presente viñeron determinando todos os conflitos, co que ben claramente se mostran as súas tendencias pacifistas.

Mais, non sería mellor como procedemento para xuntar os pobos facer que as fronteiras diminuísen en troques de aumentalas, que é o que semella pretender o nacionalismo?

Se as fronteiras das nacionalidades - referímonos, claro está, ás que os homes non puideron nin poderán endexamais borrar - fosen algo que respóndese ao capricho da vontade humana; se as diferenzas que se atopan entre uns países e outros, aínda sendo veciños, fosen susceptíbeis da desaparición; se a terra nas súas múltiples variedades que determinan tantas clases de ambientes e cos ambientes desiguais tantas producións, tantos climas, tantas falas, tantos tipos raciais desemeillantes e diferenciados, ofrece a posibilidade de se poder reducir á uniformidade máis completa; se toda a humanidade, nunha palabra, puidese moldearse novamente reducíndoa a un tipo único, universal, que tivese como asento unha terra disforme dotada da homoxeneidade máis completa, entón si que sería obra meritoria o traballar pola diminución das fronteiras, posto que co tempo, e rematando como remataría por imporse este que poderíamos chamar ideal de nivelación ou de uniformación universal, a terra ofreceríase como un Estado amplísimo que, por non ter segundo, veríase libre dos conflitos que a miúdo se suscitan entre os Estados mundiais e, polo mesmo, podería desenvolverse o seu vivir na paz máis completa e total.

Máis a realidade mostra que este soño non é posíbel. A realidade di que axentes superiores ás forzas humanas impoñen esta diversificación que ollamos, diversificación que, despois das grandes mudanzas que o factor tempo de consuno co factor home impuxeron, aparece xa como definitivamente cristalizada nas actuais nacionalidades que integran o mundo, e que, polo mesmo, por riba de todos os intentos e de todos os propósitos dos homes, a diferenciación e a variedade terán de subsistir entre os pobos, e con elas a multiplicidade de caracteres que fixan con xeito permanente as fronteiras, os lindeiros naturais, dentro dos que, cada pobo ten sinalado, entrementes exista como tal, o lugar para desenvolver a súas actividades e as súas iniciativas.

Por conseguinte, pretender que chegue un tempo en que todos os pobos se midan por un criterio común é pretender un absurdo, xa que ao non desapareceren nin ser posíbel que desaparezan entre eles as diferenzas fillas da terra, que plasma ao home facéndoo á súa imaxe e

semellanza, cada país terá esixencias diferentes e necesidades desiguais que os obrigarán a seguir unha vida propia, particular, sen semellanza coas demais, vida que impondrá como corolario dela mesma un goberno especial axeitado aos seus caracteres e, polo mesmo, nada semellante aos doutros pobos que sexan diferentes.

Tendo isto en conta compréndese como o nacionalismo é máis lóxico que aquel outro intento, hoxe xa case desbotado aínda por aqueles que até hai pouco o sostían, do abatemento das fronteiras. E é máis lóxico, porque o nacionalismo se amolda á realidade, se non afínca en quimeras senón no exemplo tanxíbel dos feitos latexantes. E partindo do que existe, daquilo de que se non pode prescindir, encamiñase á consunción dun mundo no que, sendo cada pobo amo e señor da súa casa, isto é, dentro do seu territorio, poida ser como cidadán exemplar da gran cidade do mundo, fiel observador dos seus deberes na gran sociedade das nacións, (comprenderá o lector que non nos referimos a esa cousa bufa, vergoñenta e ridícula a que deu orixe a paz de Versalles) que, tarde máis ou tarde menos, terá de facerse, dando marxe deste xeito ao troco do soño de tantas xeracións en realidade: á paz universal.

Por outra parte, o nacionalismo é unha tendencia construtora, de xeito positivo. Tendo en conta que o erguemento da paz universal só será algo firme e duradeiro sempre e cando se afinque sobre sólidos cimentos, atende, primeiro que nada, a facer que estes sexan firmes e duros, como deben ser. Non destrúe, crea, e mellor aínda que crear, restaura; obriga a correr as augas desviadas polas canles naturais. E para preparar a grande obra, a paz universal, teima en reconstruír as nacionalidades - reconstrución que, como é natural, orixina o derrubamento dos imperios, primeira condición para a tranquilidade mundial- sabendo de antemán que, unha vez reconstruídas e restauradas no seu autodomínio, a tendencia imperialista desaparecerá do mundo, e con ela, en principio, o xerme das loitas e dos asoballamentos, posto que o interese de cada nacionalidade restaurada, a súa propia conveniencia e a súa arela de seguridade serán unha garantía contra posibles agresións. E máis aínda se se ten en conta que co renacer do sentimento nacionalista nos pobos terá de xurdir unha nova concepción do dereito deles á súa soberanía, e con ela, como derivación dela, novos sentimentos de respecto, de confraternidade e de consideración no trato internacional.

Logo, de triunfar o nacionalismo desaparecerán moitos vellos valores que hoxe aínda se impoñen, até o extremo de trazar normas e marcar condutas?

Claro que desaparecerán, posto que o sentimento nacionalista e incompatíbel con eles e, polo mesmo, o seu afincamento esixe que os aludidos valores desaparezan. Así, por exemplo, os exércitos permanentes que hoxe constitúen unha carga pesadísima para os Estados non terán razón de ser desde o momento en que, por virtude do dereito dos pobos a dispoñeren libremente de si mesmos, non haxa que temer atentados á vida libre das nacionalidades, nin empresas de conquista que levar a cabo. Asemade, coa fixación definitiva das fronteiras propias de cada nacionalidade estas terán que contentarse cos lindeiros que a xeografía, a raza, os costumes e os demais axentes superhumanos lles trazaron, sen pensaren en expansións territoriais que contraveñan o imperativo categórico da acción mancomunada dos aludidos axentes e que, polo mesmo, sexan unha violación das leis naturais, eternas e inmutábeis.

Mais sendo as nacionalidades reflexo colectivo da acción individual, non poderá haber pobos que pretendan, pódose á marxe de tales leis naturais e choutando por riba de todos os

imperativos - ao igual que sucede hoxe cos individuos - contravir tales leis, para daren satisfacción ás súas intencións malévolas?

Aínda que difícilmente, podería suceder; mais para evitalo está o interese de todas as outras nacionalidades que se non achen neste caso, o egoísmo natural e lexítimo de cada unha; e este interese e este egoísmo, certamente ben xustificados e lexítimos, obrando axuntados, obrigarán a cada nacionalidade a se converter nunha defensora, non só da propia autonomía senón da allea, en cuxa conservación inalterábel elas terán de ver decote a seguranza do mantemento da propia. E nestas condicións unha nacionalidade calquera, aínda supóndoa dotada das máis perversas intencións, terá moi bo coidado de conterse e non liberar os seus desexos insáns ante o temor de suscitar a xenreira e o castigo que as demais tratarían de imporlle.

Deste xeito, aínda aqueles pobos máis contaminados de afáns ilexítimos, moitas veces por mor de sangue e de raza, obrigados polo temor á xustiza dos máis, irán paseniñamente perdendo as súas tendencias comprometedoras, para apareceren trocadas pola acción do tempo e pola forza do exemplo en verdadeiros modelos de países libres e verdadeiramente respectuosos para os dereitos dos demais.

E ese despertar nacionalista preciso para chegar a tal situación non será cousa utópica e polo mesmo irrealizábel?

Os feitos, e non hai nada que fale como eles, din claramente que non. Hoxe, precisamente, o feito nacionalista, que unha vez máis nós condensamos naquela fórmula: "a cada pobo as súas fronteiras propias", áchase admitido, aínda por aquelas doutrinas que non hai moito o combatían de xeito rexo por considéralo oposto ao ideal de pacificación e fraternidade universais. Os sustentadores de tales ideas non tiveron máis remedio que variar de opinión ao pasaren do terreo das abstraccións ao terreo das realidades. Así, por exemplo, o bolxeviquismo - na actualidade a doutrina onde converxen todas as opinións que se din máis avanzadas do mundo - por boca do seu principal definidor e pontífice, Lenin, di que se non pode menos de recoñecer o sacro dereito dos pobos a dispor de si mesmos, e que non hai ningún principio liberal que xustifique a oposición ao desexo dun pobo de ser ceibe e de gobernarse a si mesmo pola súa propia vontade segundo as condicións e segundo a propia natureza. A Terceira Internacional, verdadeiro *coco* de todas as nosas clases conservadoras e burguesas, proclama entre os seus principios básicos o das nacionalidades e en consecuencia ofrece a liberdade para os pobos asoballados e oprimidos. Así poderían multiplicarse os exemplos, pero abonda.

Só as vellas escolas ideolóxicas, nadas no vergoñento século pasado, se mostran inimigas, se non claramente, dun xeito disimulado, de que os pobos dispoñan con liberdade dos seus destinos e que, polo mesmo, vivan ceibes e sen opresións. Tal inimiga é moi natural, posto que as aludidas ideoloxías foron concibidas en momentos en que a febre do imperialismo consumía os países en que tiveron o berce.

De xeito que, segundo o devandito, o nacionalismo é compatíbel con todos os ideáis?

De certo, nalgúns aspectos así é. Por isto ocorre moitas veces o atopar dentro da masa ou xuntanza nacionalista dun país asoballado, en fraternal convivencia, elementos que significan as tendencias máis opostas dentro da orde relixiosa, económica, social etc. O agarimo e o interese e entusiasmo que a terra nai forzosamente ten que despertar nos seus fillos, se non opón en nada a que o pensamento destes siga as máis variadas direccións. E como este agarimo e este interese e entusiasmo, desenvolvéndose e teimando en adquirir enerxías cada vez maiores que convertan a Patria nun orgullo lexítimo e verdadeiro dos seus fillos, é o nacionalismo convertido por razóns de táctica proselitista en doutrina, velaí porque no nacionalismo poden convivir, sen molestárense para nada, individuos que se achan moi lonxe de pensaren o mesmo en certos aspectos completamente independentes e alleos ao sentimento da patria.

A tales individuos xúntaos a arela de liberación da terra. Para a consecución de tal fin hai un programa cuxos puntos é mester cumprir se se quere abranguer o triunfo. E estes puntos son os que, sen afectar para nada ao pensamento individual, todos os que os subscriben cóidamos imprescindíbeis - e en realidade sono - para chegar á solución do problema. Ademáis, os individuos nacionalistas, sen necesidade de prescindiren de certas opinións particulares, levan por diante sabido que, para que aquelas se achen máis perto da súa realización, non é obstáculo, senón todo o contrario, isto é facilidade, que a terra en que foron nados sexa dona dos seus destinos.

Por iso, ao mesmo tempo que traballan pola realización dos seus ideáis, desenvolven o seu labor resoltamente porque a nacionalidade a que pertencen poida abranguer a súa liberdade plena, liberdade que, ao ser abranguida, terá de recoller a satisfacción de todas as súas arelas particulares pospostas, polo momento, á realización do fin primordial.

Sintetizando o devandito: é algo semellante ao que ocorre nunha guerra, cando os exércitos estranxeiros invaden un país neutral e alleo aos fins da loita. Todos os seus subditos depoñen as diferenzas comúns para atenderen, exclusivamente, aos fins da defensa do propio chan, e por ende dos propios intereses ameazados pola invasión. Axúntanse nunha fronte única que é froito da comunidade do perigo que por igual ameaza a todos, para tornaren cada un ao seu campo e á defensa do respectivo ideal tan axiña como se ve distante a ameaza.

BREVIARIO DA AUTONOMÍA, 1933.

A AUTONOMÍA NA CALIZA

LAUS DEO .- Viveiro (Lugo), 26 de Nadal 1932.

Até aquí viñemos facendo a defensa da necesidade de estruturar o Estado, que comprende dentro de si varios pobos, en partes autónomas que fagan posíbel a convivencia das variedades, sen prexuízo de que elas veñan supeditadas a unha unidade superior. Tal defensa, desenvolvida a través das abondosas liñas antecedentes, fixémosla tentando de non fixar a ollada nun Estado determinado, aínda que, máis dunha vez, a atención insensibelmente andase a recaer, cousa moi natural, no Estado a que pertence a nosa patria. Intentamos que o labor fose presidido pola maior obxectividade e coidamos que a nosa intención foi conseguida. Agora, xa nas vésperas do remate das xornadas de tráfego a que a confección e o arranxamento deste libro nos obrigou, queremos prescindir do obxectivismo que, en maior ou menor grao, pode caracterizar os capítulos antecedentes, para enfocar brevemente, lixeiramente, o asunto autonómico con relación á Galiza. E non podería ser doutro xeito. Deixaría de movemos a intención que nos impulsou a coller a pluma - a contribución do noso esforzo, do noso modesto gran de area á tarefa salvadora de recadar a autonomía para a Galiza- se non procedésemos como irnos proceder nestas liñas derradeiras. Con elas tentaremos cerrar axeitadamente o libro que ten de constituir a nosa ofrenda capital á iniciación da liberdade galega, que isto e só isto terá de ser o réxime autonómico que agora se nos outorgue.

A existencia da personalidade galega con características inconfundíbeis, con diferenciacións relevantes, con manifestacións propias en todos os aspectos vitáis, e tanto de xeito material como espirituais, é algo que coidamos que ninguén se arriscará a negar. A Galiza, pois, constituíndo un país con personalidade plena, que o esforzo do centralismo asimilista non logrou endexamais borrar, formando o que, segundo o moderno concepto de xeografía, constitúe unha "rexión natural", e tendo, polo mesmo, unha alma propia da que é expoñente xurdiu esta lingua gloriosa que agora anda a renacer cuns folgos realmente abraiantes, por forza, como derivación natural de todo isto, ten que ter uns problemas propios de toda clase, e unhas necesidades e unhas cuestións peculiares cuxa solución endexamais poderá atoparse tratando de facela cos mesmos procedementos e seguindo idéntico sistema que o que se utilice para dar solución aos problemas doutras terras nas que tamén exista o feito vivo da personalidade orixinal.

Non é de agora e por imitación de Cataluña ou por andazo propio do tempo, cando na Galiza - como moitos ignorantes, desleigados ou comenenciudos aseguran - se manifesta claro, sen que deixe lugar a dúbidas, un sentimento descentralizador, un sentimento autonomista. A propensión galega, a inclinación natural dos galegos á conquista das liberdades, máximas ou mínimas, que son precisas para que a Galiza poida adquirir o pleno desenvolvemento natural, sen que o desenvolvemento das súas modalidades peculiares se ache coutado por entorpecementos fillos dunha trabucada estruturación política do Estado español, manifestase con toda clareza a través do tempo. E se non, para corroboración do que afirmarmos, ahonda con lembrar que no ano 46 ocorre na terra galega a importante revolución, da que Solís é o brazo e Faraldo a cabeza, que ao perseguir propósitos liberáis e de oposición ás tendencias absolutistas que no centro andaban a se impor, persegue asemade a descentralización, e coa descentralización o fin primordial de que a Galiza poida volver a ser a dirixente dos seus destinos. E non estará de máis lembrar que a revolución devandita, e como proba concluínte do sentimento que a inspiraba, tivo o seu antecedente obrigado en certa asemblea lucense de grande importancia na que a sorte da Galiza foi amplamente discutida, e na que por escaso número de sufraxios deixou de triunfar unha radical proposición, por Antolín

Faraldo defendida con toda a quentura que se acubillaba no seu corazón de patriota aceso, na que se propugnaba a plena independización galega.

Máis adiante ¿quen non sabe que foi Brañas, Alfredo Brañas, o distinto e inesquecibel mestre da Universidade compostelá, o primeiro que comezou a falar de rexionalismo na España, como así o recoñecen tantos cataláns, predicando esta doutrina e levando as súas prédicas á gloriosa irmá Cataluña?

¿E aquelas dúas asembleas memorábeis - unha en Lugo e outra na Coruña - nas que foi redactado polos federáís galegos - homes todos de alta solvencia moral e intelectual - un proxecto de constitución do Estado galego que aínda hoxe, pese ao avance dos tempos, se mostra merecente dos maiores respectos?

Por outra parte, aquel xurdido movemento de eclosión cidadá, descentralizador e anticaciquil, xurdido en Cataluña, que se chamou a Solidariedade catalá, e que tan axiña se malogrou, na Galiza tivo o seu reflexo axeitado mercé á circunstancia da existencia permanente dun sentimento, cando non concreto polo menos esvaído, de autonomía, descentralización e liberdade.

E todos saben como a partir do ano 1916, despois da feliz creación das "Irmandades da Fala", grazas á feliz iniciativa expresada por Antón Vilar Ponte nun libríño histórico seu que se titula *Nuestra afirmación regional*, a corrente descentralizadora, autonomista, deixa de ser, como viñera sendo, un regato, para se trocar en río que, paseniño, medra cada vez máis até o punto de se non poder medir a onde chegará a magnitude do seu caudal. E hoxe xa non é soamente aquilo do autonomismo, da descentralización máis ou menos acentuada, o que se degoira. Hoxe quérese máis, moito máis. A Galiza afírmase rexamente. A consciencia da súa personalidade adquire afinamento na masa. E a Galiza que pensa, a Galiza que traballa, a Galiza que promete, na que destaca de xeito principal esa xuventude que na Universidade compostelá se vai formando como unha promesa consoladora que axiña terá de ser realidade, pode dicirse que é partidaria acesa da autonomía galega máis ou menos radical, podendo anotarse a única excepción dos ignorantes, dos vivos que tan ben se venen aproveitando da organización actual do Estado, e de catro rutineiros que son unitaristas por covardía inxénita.

Coas aseveracións que anteceden fíca ben probado, ao noso xuízo, que a existencia do sentimento autonomista na Galiza non é nin unha improvisación nin unha falsidade, nin é tampouco, como algúns emboscados da autonomía manifiestan, pura imitación, afán copiator do que noutras terras pasa. O sentimento autonomista é algo afincado na terra galega. É algo que latexa no espírito de todos os galegos e que se na maioría se non manifesta aínda con toda a forza que debería é, soamente, porque aínda se non fíxo aquel labor axeitado e indispensábel de propaganda e espallamento que tan necesario se fai. Con el non flicará un só galego que non se decate da necesidade que a Galiza ten da súa liberación, non só para a súa mellora material senón tamén para poder cumprir o seu alto destino como pobo.

Os autonomistas galegos sabemos que aínda que as leis que en Madrid, nun Parlamento central, se poidan arranxar, estean feitas coa mellor intención e co maior acerto, emporiso, tales leis, nas máis das ocasións, serán ineficaces na nosa terra dadas as súas características especiais e a súa economía peculiar filla desas características. Non se nos oculta aos autonomistas galegos que con bos ou malos gobemos centráís, sen trocar a organización centralista e unitaria do Estado español, a Galiza non podería endexamais conseguir un intenso desenvolvemento das súas propias e naturais

fontes de riqueza, se previamente non tivese conquistado aquilo que só coa autonomía, co goberno propio se pode conquistar. Referímonos á orientación técnica especializada dos factores que teñen de elaborar e transformar os produtos autóctonos, e cuxa orientación, se para maior eficacia ten de abárcalo todo, só se poderá realizar cando o país se ache facultado para organizar, soste e crear todo aquilo que sexa da súa exclusiva competencia.

Nestas condicións, tendo a Galiza un goberno de seu, un goberno cuxa misión será a de dirixir a vida galega soamente, facendo que ela se adentre cada vez máis por vieiros de adianto e prosperidade, a pouco que tal goberno faga sempre terá que facer máis, moito máis, polos intereses e as conveniencias da Galiza - dedicado, como estará, exclusivamente a ela - que aqueles gobemos do centro que até agora padecemos. Pois sabido é que en tales gobernos, por moi boa vontade que houbese nalgún, ou en todos, dos seus compoñentes para nós, sempre lles foi imposíbel dedicamos toda a atención e os coidados necesarios, posto que unha e outros se adiababan embargados e reclamados polos milleiros de problemas que a todas horas se presentan nun Estado cuxo control -como sucede no español actual - abrangue desde as máis altas e delicadas manifesta-cións do vivir público dun pobo até as máis cativieras incidencias e aduanadas dos miúdos localismos tan incivís e abondosos.

Aos que falan das dificultades que a Galiza pode atopar para o desenvolvemento normal da súa vida cando se lle entregue o goberno propio, a administración dos seus privativos intereses, e que fundan os seus temores na falta de capacidade económica que segundo eles ten, doado resulta lles dar a desposta axeitada. En primeiro termo ¿non é cousa xa sabida de todos, porque de xeitos diversos se leva repetido, que a Galiza resulta a rexión da España cuxa tributación ao Estado, por cargas diferentes é maior? Lémbrese a este respecto a diferenza de tributación existente entre as opulentas e industriosas provincias que forman a Vasconia e a dunha soa das nosas provincias, a da Coruña, por exemplo, así se ollará como aquelas opulentas e industriosas provincias pagan infinitamente menos por calquera concepto e iso que son toda unha rexión, que a nosa provincia citada.

¿Non sabemos todos que a Galiza, pese á súa atribuída penuria económica, á súa pobreza tan esgrimida polos galegos que só o son de partida de bautismo, é a única rexión en España que vive sen ningunha clase de protección arancelaria? ¿Quen ignora que a Galiza sofre os prexuízos incalculábeis que lle carrega a escandalosa protección dispensada ás outras rexións, e que é vítima, polo mesmo, dun trato desigual que prexudica notabelmente a súa economía, magoada decote polos aranceis españois, e servindo de contra para axudar a soste a economía das outras rexións?

Para ninguén é un segredo que entrementes na España se protexen os panos e tecidos cataláns, os ferros e demais derivados de Vasconia, as froitas e conservas rioxanas e aragonesas, os aceites e viños andaluces etc., a Galiza vive entregada ás súas propias forzas, sen protección oficial de ningún xénero. E así vive entregada ás súas propias forzas, sufrindo toda clase de competencias, incluso as oficiáis - lémbrese a entrada de carnes conxeladas da Arxentina, por non citar máis - e sendo, polo tanto, obxecto dun trato irritante de desigualdade e de inxustiza por parte do Estado. Mais, pese a todo, polo seu exclusivo esforzo, sen axuda de ninguén, a Galiza ten a suficiente potencialidade para manter industrias que, como a conserveira, a vinícola e outras, se abren paso nos mercados e conseguen ser vistas con respecto e atención por todo o mundo. Loitando contra todo, a gandaría galega mantense ergueita e constituíndo unha liña destacadísima na economía xeral do Estado, liña que no día en que sexa atendida cal cómpre, cousa que só poderá suceder cando a

Galiza teña o goberno de seu, se trocará, coas industrias a que ten de dar marxe, no capítulo máis importante da riqueza non só galega senón da España.

Co réxime centralista, que até agora foi a remora, obstáculo para que a Galiza marchase por vieiros de adianto e de progreso, cal corresponde á súa natureza, a nosa terra vén sendo obrigada a pagar ao Estado por todos os conceptos, máis, moito máis, do que este inviste nela. E como para proba un botón abonda, velaquí este anaco dunha conferencia luminosísima, documentada e ateigada de interese, como todas as súas, dese galego abraiante e exemplar que se chama Alexandre Bóveda: "Galiza pagou ao Estado no ano de 1931 a suma de cento trinta e catro millóns de pesetas e recibiu del, por toda clase de pagos, a cantidade de cento vinte e seis millóns trescentos mil. Existe, pois, un saldo ao noso favor de 8.600.000 pesetas. Pero destes pagos, efectuados na nosa rexión polo Estado, máis de corenta millóns dedícanse á Guerra e Mariña, que son unha carga xeral da Nación e nunca un servizo rexional privativo. Nun réxime de completo arredamento fiscal, respectando todos os dereitos, ficando o Estado espléndidamente dotado e aínda admitindo a complicada e custosa administración de tipo centralizado actual, a Galiza, segundo os cálculos feitos sobre o orzamento de 1931, tería ao seu favor perto de dous millóns de pesetas, que irían medrando cando se fosen extinguindo os organismos intermedios e innecesarios."

Coidamos que os comentarios a estes anacos de Bóveda non son necesarios; pero, emporiso, pensamos que non está de máis facer decatar ao lector de que na cifra de gastos que o Estado realiza na Galiza figuran uns corenta millóns de Guerra e Mariña, e poderían ser gastos indispensábeis do Estado, pero que nunca deben se atribuir a rexións, xa que a rexión para nada os precisa.

Instituído o réxime autonómico e establecido, por virtude deste, un concerto económico co Estado polo que a nosa terra pagase a este o que este inviste nela por sostenente de servizos que ficasen a cargo do Poder central, resultaría que a diferenza que agora o Estado nos leva sen que para nada nos aproveite podería ou ben diminuírse, se non todo polo menos parte, nas cargas tributarias de rexión autónoma, ou ben podería destinarse tal diferenza a ser gastada na rexión naquelas obras que se coidasen máis necesarias, tales como escolas, vías de comunicación, granxas agrícolas, estacións biolóxicas, fomento de industrias gandeiras, centros de orientación técnica, etc.

Coa autonomía non é certo que, como os inimigos din, a nosa terra veña a ter aumentados en forma considerábel os gastos que impon o sostemento da burocracia indispensábel. Porque, se non se pode negar que o Poder rexional, o Poder autónomo ten que contar co persoal axeitado para a realización de todos os servizos que sexan da súa competencia, tampouco se pode negar que a maior parte do gasto que iso supón, se non todo, será compensado ou será equivalente ao que hoxe supoñen os cadros de empregados de toda clase que teñen ao servizo as catro deputacións provinciais, e que, como é sabido, desaparecen por inútiles e faltas do máis cativo fundamento.

A autonomía na Galiza forzosamente terá de supor unha modificación rexa da actual organización municipal. A introdución do concello parroquial -célula verdadeira, indiscutíbel, de toda a vida colectiva galega- será unha das primeiras innovacións a se realizaren. E por ela terá de se chegar á supresión de numerosos municipios rurais, faltos de todo fundamento lóxico, froito exclusivo do capricho, e que só serven para esmagar coas cargas que o Poder central lles impón sen ter para nada en conta o seu carácter rural e os medindo polo mesmo criterio que os urbanos - oh

abraiante estupidez niveladora do centralismo! - os individuos que a eles pertencen, equiparándoos así, e só nisto, aos cidadáns de toda clase de urbes, sexan estas populosas ou non. Coa organización dos concellos parroquiais, pois, moitas das cargas que hoxe pesan sobre os nosos labregos, e que a actual organización dos municipios impón, terán de desaparecer, e así, deste xeito, cada vez se fará máis levadeira a vida da nosa sufrida poboación campesina.

Un dos tópicos máis correntes que os galegos inimigos da autonomía empregan é o da falta de preparación e de capacidade en que din que se acha a nosa terra para o aproveitamento e bo uso do réxime autonómico. ¿Que a Galiza non está preparada para a autonomía? ¿Pero quere se nos dicir en que fundan tal afirmación os que tan gratuitamente a sosteñen? En primeiro lugar, e dando por certo que a Galiza se non ache preparada para o goberno de seu, ¿podería endexamais chegar a estalo vivindo sometida ao réxime centralista que a abafa?

Ínciese o restabelecemento desas modestas e tan limitadas concesións autonómicas que as Cortes actuáis, só despois de forte regateo, conceden, e entón verase claramente, unha vez iniciado o aproveitamento de tales concesións, se a Galiza é capaz de vivir o goberno de seu.

Polo demais, téñase moi en conta que a afirmación de que os galegos non estamos capacitados para nos gobernar, equivale a esquecer voluntariamente a existencia deses exemplares e admirábeis centros galegos, verdadeiros Estados pequenos, que espallados por terras do Novo Mundo, a todas horas mostran a capacidade organizadora e administrativa dos nosos compatriotas. Equivale, asemade, a descoñecer a participación enorme que na política do Estado español e en todas as esferas, para ben ou para mal da terra, que iso non interesa agora, tiveron os galegos de todas as épocas, amosando decote unhas aptitudes relevantes para toda clase de labores. E se isto é así, como todo o mundo sabe, non hai motivo ningún para dudar de que os nosos compatriotas, aptos para a política xeral, serano con maior motivo para a rexional, nunca tan enguedellada e pouco doada como aquela. Equivale, igualmente, a non ter a máis pequena nova da perfecta organización que existe en numerosas sociedades obreiras, agrarias, industriáis e de toda orde que na Galiza existe e que por galegos son rexidas e administradas. ¿Cando os galegos, exercendo cargos, xa na propia terra, xa fóra déla, mostraron ser inferiores, ter menos capacitación para o desempeño daqueles, que os nados fóra da Galiza, nas outras terras que compoñen o Estado español?

A capacitación galega para o goberno dos seus propios intereses só poderá apreciarse cando a autonomía sexa un feito. Daquela, a Galiza posta de fronte a si mesma, facendo converxer as súas olladas nos propios problemas, sentirá a ineludíbel necesidade de estudalos e de afróntalos, pondo na tarefa todo o maior tento e a meirande precaución. A nosa terra entón, e só entón, verase obrigada a por a contribución a súa capacidade plena. E os problemas fitados a carón de nós, sen veos que estorben a vista, abranguerán as solucións axeitadas. E os encargados de resolvelos, esporeados pola necesidade, terán que recorrer ao emprego daqueles procedementos e daquelas normas fillos dunha dinámica nova cuxo xurdimento agora non era posíbel, e que os novos tempos, consecuencia da vida autónoma, irremisibelmente imporán.

A Galiza, se é que ten de chegar a ser algún día o que polas súas condicións naturais debe ser, precisa dun xeito ineludíbel a autonomía, aínda que esta sexa de momento tan pouca cousa como é aínda a máxima que o Estado actual concede. Sen ela, a Galiza seguirá vivindo de costas a

si mesma, camiñando por vieiros que non levan a ningures e vendóse obrigada a seguir sendo colonia, cando, polas súas condicións naturais, polos dons que a eito a natureza envorcou nela, se acha axeitada como poucas terras de España, ou mellor que ningunha, para ser a suprema señora de si mesma.

Seguindo como até agora, a nosa terra só pode ir malvivindo. levando unha existencia pobre, sacrificada para cumprir coas esixencias tributarias que do Centro chegan a cada momento, falta da liberdade de movementos e sen posibilidade, amarrada como está de pés e mans polos aranceis proteccionistas españois, de dar un desenvolvemento europeo a aquelas industrias máis peculiares que en países da Europa de medio xeográfico semellante, aínda que desde logo inferior ao galego – tal Dinamarca, Holanda etc. - constitúen un capítulo moi importante de riqueza e prosperidade.

A Galiza, digan o que queiran aqueles galegos imbéciles e parvos que poñen os ollos en branco cando falan do edificio, da estrada, do peirao, dunha obra calquera que esta ou a outra vila galega deben a un político dos moitos que aquí, grazas ao localismo pernicioso, tiraron tallada de proveito, non debe ren ao réxime centralista. Pola contra, este, o devandito réxime, asoballounos. esqueceunos decote, non tivo para nós máis que aldraxes e pretericións, cando non sanguinarios abafamentos. E así pode hoxe abesullarse como aínda os nosos problemas capitais, despois de tantos anos de réxime unitario, seguen en pé, agardando unha solución axeitada que nunca chega.

Ao réxime centralista debe a Galiza ser a terra da España que menos liñas férreas conta e ser tamén a que menos dispoñe de todas as doutra orde. Débelle o ser a terra da España que supera a todas nas cantidades con que contribúe ao sostemento do Estado, sen consignacións para as diferentes atencións. Débelle, asemade, a Galiza ao centralismo, ser de todos os pobos que forman o Estado español aquel cuxos produtos, cuxas industrias típicas, non gozan da máis pequena protección aquí, precisamente, onde non hai un só pobo dos diversos que forman o mosaico que se chama a España, que non teña, dun xeito ou doutro, defendidos os seus produtos e as súas industrias polo arancel protector, que para todos é nai excepto para nós. A Galiza, pobo agropecuario e pesqueiro, como ningún outro do Estado, áchase falta en absoluto, porque o centralismo así o quere, de escolas de orientación agrícola e pesqueiras - a perda da tan necesaria de Veterinaria aínda é ben recente - co que vén a resultar que a orientación da inmensa maioría da súa poboación, que da terra e do mar ten que vivir, se acha obrigada a facerse rutineiramente, sen axuda nin guía de ninguén, do que se deita un grave dano para os intereses galegos en xeral. Co centralismo a Galiza vén obrigada a se despersonalizar, a esmorecer máis e máis o seu carácter, a súa personalidade orixinal, en prexuízo, claro está, da propia cultura, da cultura universal, e só con beneficio para o centro, que así sabe que a submisión galega, a incondicionalidade da Galiza, o seu sometemento resignado, será cada vez máis perfecta.

A obra do réxime centralista na Galiza non necesita, pois, de grandes alegacións, para se por de manifesto. Sen engadir nada máis ao que vai dito, ben se ve o pernicioso que en todo foi para a nosa terra. O seu fracaso, por conseguinte, non pode ser máis claro e rotundo. Polo tanto, o degoiro da autonomía, aínda que non tivese como fundamento as alegacións deitadas ao longo destas páxinas, sempre se acharía baseado no natural degoiro de coñecer se coa mudanza de sistema se conseguiría, ao fin, a arelada mellora que, como ben sabido temos xa por dolorosa experiencia, se

non abranguerá endexamais entrementes que o Estado non modifique dun xeito radical a súa estrutura antilóxica, antinatural e fonte abundosa de fracasos innumerábeis.

Sen se remontar a tempos recuados, é de agora, duns meses para aquí, cando poden se citar varios botóns de mostra do ben probado interese con que o centralismo nos trata. A este respecto lémbrese o estatuto do viño, a introdución de madeiras rusas e de carnes arxentinas, o contrabando do gando, o esquecemento pleno de Ferrol - o mellor arsenal da España -, cando se autorizaban construcións navais en Valencia e en Bilbao, a paralización das obras do ferrocarril Zamora-Coruña e doutras obras públicas, así como a pouca atención que se lle empresta ao ferrocarril Ferrol-Xixón cando está a se rematar, e tantas outras cuestións máis. E todo como se os nosos obreiros, os obreiros parados que na Galiza hai, non tivesen o mesmo dereito que os doutras rexións a que o Estado mire por eles, emprendendo obras que alivien a súa situación. E aínda poderían se citar outros moitos casos que, como o da lei agraria, nos din ben claramente o que do centralismo - o mesmo agora coa república que denantes coa monarquía - podemos agardar os galegos.

Vaiamos, pois, en feixe apertado, á conquista da autonomía da Galiza, todos os que de veras degoiramos a manumisión patria; todos os que decote vivimos esporeados polas nobres arelas da liberdade e a redención da terra. Comecemos a nosa tarefa, alta e digna como ningunha, sen nos preocupar de que os cans ladren. Os autonomistas somos os bos, somos os mellores, e a pouco que fagamos, a Galiza enteira, esta Galiza da que tanto levan abusado os logreiros de toda raza, virá a carón de nós, disposta a conquistar, sexa como sexa, a degoirada e indispensábel autonomía. Esta autonomía da que, facen-do nosas as palabras dun egrexio e exemplar escritor galego, patriota como poucos, se pode afirmar "que é o vieiro de universalidade para que a nosa terra poida chegar a ser un dos pobos máis felices da Europa, cousa que de ningún xeito podería suceder co réxime centralista, polo que resultou e resultará decote atrasada, descoñecida, desdeñada e explotada inicuamente."

Por último, ¿non estábamos cansos de ouvir a todas horas, nos días en que o Estatuto catalán era posto a discusión nas Cortes constituíntes da actual república española, aos inimigos do autonomismo, que a concesión da carta autonómica a Cataluña suporía para ela un réxime de privilexio, unha excepción vantaxosa e non xustificada, unha posición favorábel sobre as demais terras hispánicas? Pois ben, se autonomía quere dicir, segundo os voceiros do *statu quo* centralista, excepción, privilexio, trato de favor, isto obriga a que todos os bos galegos, prescindindo de ideoloxías e de diferenzas de matiz e aínda persoais, nos xuntemos nun feixe apertado para conseguir que polo noso esforzo e polo noso labor a terra galega conquiste o establecemento da autonomía, xa que, conquistada, vira a gozar da situación de privilexio e trato excepcional por parte do Estado que, segundo os centralistas, a autonomía é.

E aínda se pode engadir que na campaña e nos traballos a prol do réxime autonómico non pode faltar a axuda daqueles galegos que combateron e virón con malos ollos a concesión do estatuto autonómico a Cataluña, xa que, se eles son consecuentes coas súas manifestacións, e tendo en conta que a autonomía catalá é xa un feito, o seu amor á terra en que foron nados faralles traballar sen acougo para que ela abraza tamén o réxime, de privilexio e excepción, segundo eles, que Cataluña conquistou pola clara e acertada comprensión do goberno republicano.

Mostremos, nesta hora solemne que anda a pasar, con un proceder e un actuar axeitados, que a nosa compenetración coa terra, que o noso interese por ela e o noso patriotismo non son palabras simplemente. Se así o facemos, os días do noso encadeamento secular serán xa contados e moi axiña viviremos as xornadas gloriosas que teñen de levarnos á liberación plena e á redención total.

O SENTIMENTO NACIONALISTA E O INTERNACIONALISMO, 1926.

O BERRO NACIONALISTA NA CONCIENCIA COLECTIVA

Pero non son só as manifestacións illadas dos máis significados membros do internacionalismo as que, coa súa gran forza convincente, proban como para o triunfo da futura organización internacional por eles anunciada e que terá - segundo o seu dicir - de dar a paz decisiva aos pobos, non se fai preciso ir en contra dos sentimentos nacionalistas nin mortísimo menos. Acordos e conclusións solemnemente votadas en asembleas xerais que se achaban integradas polos persoeiros e polas delegacións das forzas máis avanzadas e democráticas de cada país, demostran tamén, ben claramente, a necesidade ineludíbel de contar decote cos factores nacionais, aténdose ás realidades que eles significan para que os ideáis predicados como solución definitiva poidan afincarse nun baseamento de realidades sólidas, rexas e, por iso, ofrecedor de firmeza e seguranza.

Con toda clareza, sen escuridades nin enguedellamentos, manifestase o pensamento que informou unha entidade tan importante como a comisión socialista internacional que a conferencia reunida en Berna en 1919 deseñara, cando redactou un coñecidísimo manifestó dirixido a todos os traballadores do mundo. Del son os fragmentos que seguen: "A nosa reivindicación neste Primeiro de Maio é unha Sociedade das nacións fundada nas democracias e intervida por estas; non unha Liga de Gobemos, non unha Liga de diplomáticos (como a que existe), senón unha sociedade dos pobos". Precisamente, o que os nacionalistas puros de todos os países preconizamos como medio de chegarmos a un estado de pacificación incompatíbel co actual *statu quo* tan inxusto e pouco legal, e do que son derivación, verdadeira secuela: a política de armamentos - o militarismo esmagador -, as empresas colonizadoras, os perigosos degoiros imperialistas etc. E continúa o manifestó: "Saudamos a liberación das nacionalidades que, contra a súa vontade, foran postas baixo a pouta dos Estados militaristas. Negamos o dereito a impor pola conquista, novos xugos ás nacións. Declaramos inalienábel o dereito dos pobos a dispor de si mesmos". Eis como o noso básico e fundamental punto doutrinal, a chave, como se dixésemos, de todo o noso ideario nacionalista é apropiado polos intemacionalistas da posguerra. "Reclamamos -continúa o comentado documento - que no seo de cada Estado vexan as minorías como garante a súa liberdade e a súa cultura propias a Sociedade das Nacións". E non se nos poderá negar que isto é unha expresa e terminante concesión aos ditados nacionalistas; como igualmente vén ser outra concesión aos mesmos ditados o anaco que di: "Non é a punta do sabré, senón a consulta aos pobos, a que debe resolver as cuestións territoriais. Cada vez que foi adoptado este principio ficaron eliminadas as dificultades. Cada vez que ese principio foi abandonado, o conflito e a resistencia provocaron novas conclusións". "Opoñémonos a toda anexión que viola a liberdade dos pobos. Os que proclamamos a liberdade de pensamento, a liberdade de palabra, a liberdade de imprensa; os que negamos o dereito do capitalismo a explotar os individuos, negamos, por iso mesmo, o dereito dos Estado imperialistas a explotar as nacións".

E para non copiar máis, rematamos o noso lixeiro comentario ao devandito manifesto internacional obreiro, reproducindo un dos seus últimos fragmentos, no que dun xeito claro aparece demostrado como a Internacional non desbota a idea dunha verdadeira sociedade ou xuntanza mundial de nacións libres, non como é a actual farsa chamada Sociedade das Nacións que, máis ben que outra cousa, é unha xuntanza de Estados imperialistas subsistentes unicamente mediante a opresión e o secuestro das diversas e heteroxéneas vontades nacionais que dentro deles se mostran tiranizadas e sometidas á paralización e o silencio. En tal fragmento dise: "A Internacional, xa reconstruída, está animada por toda a vontade obreira. É a Internacional quen fará estábel a

Sociedade das Nacións. E ela quen a impulsará nun camiño cada vez máis seguro; quen lle dará para a paz institucións económicas e organizacións democráticas cada vez máis amplas, máis flexíbeis e máis vivas". E agora, despois de coñecido o transcrito coidamos que ninguén poderá negar que o espírito que o informa se acha en absoluto conforme co recoñecemento e a imposición das diversas variedades nacionais que compoñen o mundo e cuxo trunfo non é outra cousa que o triunfo nacionalista.

Cando en Moscova se celebrara, baixo os auspicios do goberno bolxev-que, o segundo congreso dos partidos proletarios revolucionarios que, pertencentes a diversas nacións, acadaran ingresar na Terceira Internacional, fora presentado a el un libro en que se contiñan as teses que o Congreso aprobou máis tarde e que polo seu xeito especial, algo semellante a unha guía de procedementos partidistas, de táctica e orientacións, pode ser considerado, sen ningún arredamento da verdade, como un verdadeiro Manual do comunista. Deste libro son unhas indicacións contidas no capítulo que fai referencia ás cuestións nacionais e coloniais, nas que se presenta como obriga inescusábel da Terceira Internacional o estudo da formación de Federacións de Estados soviéticos, xulgando que tras tales federacións parciais poderá chegarse á gran federación ou xuntanza total. Di, ademáis, o aludido Manual: "Ten de aparecer claro a todo o mundo que só o Soviet pode establecer a igualdade entre as nacións; mais, mentres chegue ese caso, todos os partidos comunistas deben emprestar axuda directa aos movementos revolucionarios das nacións dependentes ou asoballadas (como, por exemplo, Irlanda, Exipto, Armenia, os negros de América etc.) e nas colonias.". Máis claro non e pode ofrecer o pensamento. Alí onde haxa unha nacionalidade asoballada, o esforzo comunista, segundo Manual tan autorizado, debe acharse de manifesto na procura da súa emancipación. Tal orientación, no fondo, responde, diso non pode caber dúbida, ao convencemento que os redactores do Manual comunista adquirirán de que para o seguro afincamento dos ideais e das teorías comunistas no mundo será condición previa, ineludíbel, a solución definitiva dos problemas nacionalistas formulados na actual idade e de todos aqueles que aínda poidan formularse.

E se as liñas do *Manual comunista* que recollen o criterio da Internacional de Moscova sobre a cuestión das nacionalidades, son suficientemente claras e explícitas, non son menos as daquel outro manifesto que a Internacional Sindical afincada en Amsterdam (Holanda) dirixira ao mundo con motivo da guerra ruso-polaca ocorrida en 1920. Nese manifesto a Internacional Sindical invoca o principio do dereito dos pobos a gobernárense por si mesmos, no que se ollá, clara e tanxíbel, a súa absoluta coincidencia connosco, os que nós temos polos persoeiros do verdadeiro e lexítimo nacionalismo - o antiimperialista e absoluto, o da fórmula: "Cada pobo as súas fronteiras propias", o pacifista é por isto, antimilitarista. Condena, ademáis, o nomeado manifesto, toda intervención estranxeira nos asuntos interiores dun pobo, "Como tamén toda axuda militar protexida polas empresas reaccionarias". Aquí, pois, temos como os persoeiros dunha nova tendencia internacionalista, ao manifestaren tamén o seu pensamento, fano non coincidindo en absoluto cos que con eles se achán en diverxencia plena atendendo outros puntos de vista.

